

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO E *

REÚNENSE:

Dunha banda, a Fundación Universidade de Vigo (en diante, a Fuvi), con CIF G36826030 e sede na Área Comercial, local A12, campus universitario de Vigo (Pontevedra) e, no seu nome e representación, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, que actúa en calidade de presidente da Fundación Universidade de Vigo, DNI 36 023 985 M, e desempeña este cargo en virtude do artigo 10.3 dos Estatutos da Fundación e nomeado no padroado do 18 de xullo de 2018.

Da outra, (datos da empresa).

Ambas as partes teñen plena capacidade xurídica para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

1. Que a Fundación Universidade de Vigo foi constituída pola Universidade de Vigo por medio dunha escritura pública outorgada en Vigo o 23 de marzo de 1997, ante o notario Gerardo García-Boente Sánchez, co número de protocolo 2520. Atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (inscrición 2021/00001) e foi declarada fundación de interese galego pola resolución, do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
2. Que a Fuvi nace coa vontade de impulsar e de complementar as actuacións para desenvolver a Universidade de Vigo, co propósito de cumprir mellor os seus fins. En particular, a Fuvi debe procurar a creación dun ámbito de cooperación entre a Universidade de Vigo e as entidades e institucións da súa contorna, co obxecto de propiciar a achega de esforzos, servizos e recursos para o logro máis completo da educación superior e posibilitar neste sector unha mellor acollida das demandas sociais.
3. Que, de conformidade co artigo 7 dos seus estatutos, a Fuvi ten por finalidade primordial cooperar co cumprimento dos fins propios da Universidade de Vigo, ben por propia iniciativa, ben por medio de encargos que a Universidade de Vigo lle realice. En particular, entre os fins propios da Fuvi atópanse:
 - a) Prestar os servizos que sexan necesarios para que a Universidade de Vigo realice as súas funcións básicas.
 - b) Promover e desenvolver as actividades que favorezan a actividade de extensión universitaria e a cooperación internacional.
 - c) Impulsar e realizar actividades de formación non regrada co fin de lograr as máximas cotas de calidade de docencia e investigación.

- d) Promover e impulsar a cooperación entre a Universidade de Vigo e o sector empresarial, entidades e institucións da máis variada natureza.
 - e) A promoción e a comunicación da formación, investigación e actividades da Universidade de Vigo.
4. Que, co obxecto de conseguir os fins que lle son propios, a Fuví pode formalizar acordos ou convenios de colaboración con empresas, realizar todo tipo de actividades de formación, executar os encargos efectuados pola Universidade de Vigo e cantas actuacións sexan necesarias para conseguir os fins que constitúen o seu obxecto, todo iso de conformidade co artigo 8 dos seus estatutos.
 5. Que a Fuví, de acordo cos seus fins, vai levar a cabo a organización de prácticas para persoas tituladas da Universidade de Vigo e, desta forma, contribuír ao interese xeral de inserir profesionalmente os seus titulados e tituladas no mercado laboral e, en definitiva, mellorar a economía galega mediante a colocación no mercado de persoas egresadas suficientemente preparadas. Estas prácticas non forman parte do plan de estudos de ningunha titulación.
 6. Que o artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, recolle a posibilidade de que as empresas e as entidades sen ánimo de lucro poidan concertar convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral.
 7. Que (describir que fai a empresa coa que se asina o convenio).
 8. Que a empresa anterior ten interese en colaborar coa Fuví para desenvolver as prácticas indicadas e realizar as achegas económicas correspondentes para ese efecto como un labor de mecenado.
 9. Que todas as actividades recollidas no presente convenio contribúen a mellorar a economía galega e a tratar de inserir as persoas egresadas no mercado laboral actual.
 10. Que, unha vez vista a concordancia de intereses de ambas as partes, é vontade destas formalizar un convenio de colaboración ao abeiro do artigo 25 de Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é articular a colaboración entre a Fundación Universidade de Vigo e * para apoiar o proxecto da Fuví de desenvolver un programa de prácticas para as persoas egresadas da Universidade de Vigo.

A colaboración da Fundación Universidade de Vigo e * formalizada a través do presente convenio enténdese, e así se reconece e declara, efectuada en consonancia cos fins de interese xeral aos que se refire o título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado,

e do Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, de desenvolvemento regulamentario da anterior.

Segunda. Obrigas da entidade colaboradora

A empresa *, polo presente convenio, na súa calidade de benefactor da Fundación Universidade de Vigo achegará a cantidade de * (recoller a cantidade en letra) ao ano.

A cantidade anterior destinarase a sufragar o proxecto establecido na cláusula primeira. A achega total mencionada distribuirase nas anualidades e coas cantidades que se acorden na comisión de seguimento do convenio.

O ingreso realizarase na seguinte conta corrente aberta a nome da Fundación Universidade de Vigo.

Número de conta:

O importe da anualidade, a periodicidade do pagamento e a correspondente data de ingreso acordaranse no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, de común acordo entre as partes, cando as especificidades das actividades que se apoien así o requiran.

Terceira. Obrigas da Fundación Universidade de Vigo

A Fundación Universidade de Vigo obrígase a destinar a cantidade achegada ao proxecto de prácticas para persoas tituladas.

Xunto co anterior, a Fundación Universidade de Vigo asume con respecto á entidade colaboradora o compromiso de difundir por calquera medio a colaboración prestada por aquela nas actividades que desenvolva en cumprimento da súa finalidade e que motivan este convenio. En concreto, a empresa, na súa calidade de benefactor, dispoñerá dos seguintes beneficios:

- a) Participación nos actos de presentación organizados ao redor da actividade obxecto da colaboración, xunto aos representantes da Fundación Universidade de Vigo, de acordo coas súas características e protocolo esixido.
- b) Inclusión do nome ou logotipo da entidade colaboradora en calquera soporte empregado para a comunicación, promoción, difusión e publicidade relacionada coa actividade obxecto da colaboración.
- c) Uso da denominación benefactor da Fundación Universidade de Vigo, tras a aprobación pola Fuvi, nas comunicacións corporativas.

A difusión desta colaboración por parte da Fundación Universidade de Vigo non constituirá unha prestación de servizos.

Cuarta. Seguimento e control

Para o seguimento e o control da execución do establecido no presente convenio créase unha comisión de seguimento paritaria, que estará integrada pola directora da Fundación Universidade de Vigo ou persoa en quen delegue e polo administrador/a do benefactor ou persoa en quen delegue.

As partes, no seo da comisión de seguimento, poderán acordar os cambios e as adaptacións previstos no presente convenio, así como outros aspectos de detalle da execución do convenio, sempre que non afecten o seu contido mínimo e esencial. Todo cambio ou adaptación requirirá a subscrición da correspondente addenda.

Así mesmo, os devanditos responsables resolverán os problemas de interpretación e de cumprimento que se poidan expor respecto do convenio.

Quinta. Modificacións do convenio

O presente convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación deberá ser efectuada por escrito e asinada polas partes e tramitada conforme o previsto na citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Sexta. Vixencia e eficacia

O presente convenio perfecciónase polo consentimento das partes e a súa vixencia será dun ano.

En calquera momento antes da súa finalización, as partes poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. A prórroga requirirá da subscrición da correspondente addenda.

Sétima. Causas de extinción e consecuencias no caso de incumprimento

O presente convenio extínguese polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nunha causa de resolución.

Así mesmo, este convenio extinguirase pola denuncia expresa de calquera das partes cun aviso previo mínimo de tres meses á data en que se desexe resolver.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todas as persoas asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificarlle á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento comunicáraselles ao/á

responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralles ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

O cumprimento e a resolución do presente convenio dará lugar á súa liquidación co obxecto de determinar as obrigas e os compromisos de cada unha das partes.

De acordo co apartado 3 do artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta dos ou das responsables do seguimento e control da execución do presente convenio, poderán acordar a continuación e a finalización das actuacións en curso que consideren necesarias dentro do prazo improrrogable de seis meses contados desde a data da citada resolución, nos termos previstos no devandito artigo.

Ningunha das partes será responsable polo incumprimento das obrigas recollidas no convenio se o devandito incumprimento se debese a causas de forza maior, a condición de que non se poidan atribuír as circunstancias á vontade, negligencia ou falta de **medidas de precaución razoables da parte afectada.**

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos) e ao disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Novena. Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio queda sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público de España e demais normativa que resulte de aplicación.

As partes asinantes colaborarán en todo o momento, de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado.

Ambas as partes declaran que o presente convenio ten a natureza dos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins

lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, se debe considerar que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 da Lei 34/1998, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

O presente convenio poderá estar ao dispor da cidadanía no portal de transparencia, en aplicación do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso e bo goberno.

Igualmente, as partes esforzaranse por resolver de forma amigable calquera controversia que puidese xurdir con ocasión da execución do presente convenio.

A resolución das cuestións litixiosas que se puidesen derivar do presente convenio será sometida aos tribunais competentes da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio en Vigo, na data da sinatura electrónica.

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

Asdo. ***

Presidente da Fundación Universidade de Vigo Empresa